



Membros que asisten:

**ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA CELEBRADA
POLO PLENO O DÍA DOUS DE OUTUBRO DE 2023**

Membros:

José Antonio Santiso Miramontes, Alcalde de Abegondo

Alejandra Pérez Máquez, Alcaldesa de Bergondo

Oscar García Patiño, Alcalde de Cambre

José Ramón Rioboo Castro, Alcalde de Culleredo

María Barral Varela, Alcaldesa de Betanzos

Javier Gestal Pose, Alcalde de Carral

Oscar Benito Portela Fernández, Alcalde de Sada

Ángel García Seoane, Alcalde de Oleiros

Escusan a súa ausencia:

--

Secretario :

Adrián J. Márquez Caramés

Interventor:

Vicente Calvo del Castillo

Xerente:

Miguel Ángel Sandar Picado

En Bergondo, sendo as 13:09 horas do día dous de outubro de dous mil vinte e tres e previamente convocados, reúnense en primeira convocatoria o Pleno, e asistido do Secretario D. Adrián J. Márquez Caramés, os Sres. na beira expresados co obxecto de celebrar sesión constitutiva. Asiste á vez o xerente do consorcio Miguel Ángel Sandar Picado.

Comprobado que asisten número suficiente para a válida constitución, o Sr. Presidente declara aberta a sesión pasándose a examinar os asuntos comprendidos na Orde do Día que é o seguinte:

1º.-CONSTITUCIÓN DO PLENO E TOMA DE POSESIÓN DOS SEUS MEMBROS.

O Sr. Secretario indica que consta no seu poder a documentación sobre o arqueo e o inventario de bens e corrobora a identidade dos membros presentes.

Seguidamente o Sr. Secretario refírese aos Artigos 6, 7, 177 e 178 da L.O. 5/1985 de 19 de xuño de Réxime Xeral e convida aos membros presentes a que manifesten neste acto se lles afecta algunha causa de incompatibilidade sobrevida con posterioridade á súa proclamación.

Ningún membro fai manifestación algunha polo que se considera que aos presentes non lles afecta causa algunha de incompatibilidade sobrevida.

Polo Sr. Secretario dáse conta de que os membros, son os seguintes:

José Antonio Santiso Miramontes, Alcalde de Abegondo

Alejandra Pérez Máquez, Alcaldesa de Bergondo

Oscar García Patiño, Alcalde de Cambre

José Ramón Rioboo Castro, Alcalde de Culleredo

María Barral Varela, Alcaldesa de Betanzos

Javier Gestal Pose, Alcalde de Carral

Oscar Benito Portela Fernández, Alcalde de Sada

Ángel García Seoane, Alcalde de Oleiros

Así mesmo en cumprimento do disposto no punto 5 do artigo 75 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local, en redacción dada polo artigo 4 da Lei 9/1991 de 22 de marzo, e art. 30 a



32 do R.O.F., polo Sr. Secretario Xeral maniféstase que presentaron nos seus concellos a declaración sobre os seus bens patrimoniais, causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos que afectan ou poidan afectar ao ámbito de competencia da Corporación.

A continuación ponse en coñecemento dos membros electos concorrentes que, de conformidade co disposto no número 8 do art. 108 da L.O. 5/1985 de 19 de xuño de Réxime Xeral Electoral modificado pola L.O. 8/1991 de 13 de marzo, no momento da toma de posesión e para adquirir a plena condición do cargo de membro do Consorcio, deberán xurar ou prometer acatamento á Constitución así como cumprimentar os demais requisitos previstos nas Leis ou Regulamentos respectivos polo que de acordo co artigo 1 do Real Decreto 707/79 de 5 de abril formúlaselles a cada un dos candidatos electores a seguinte pregunta: "*¿Xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigacións do cargo de MEMBRO do Consorcio con lealdade ao Rei, gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado?*"

Contestando:

José Antonio Santiso Miramontes, Alcalde de Abegondo PROMETO

Alejandra Pérez Máquez, Alcaldesa de Bergondo PROMETO

Oscar García Patiño, Alcalde de Cambre PROMETO

José Ramón Rioboo Castro, Alcalde de Culleredo XURO

Maria Barral Varela, Alcaldesa de Betanzos PROMETO

Javier Gestal Pérez Alcalde de Carral PROMETO

Oscar Benito Portela Fernández, Alcalde de Sada PROMETO

Ángel García Seoane, Alcalde de Oleiros PROMETO

Unha vez finalizado o acto de promesa ou xuramento do cargo declarase constituída a Corporación.

2º.-NOMEAMENTO DE PRESIDENTE E VICEPRESIDENTE DO CONSORCIO "AS MARIÑAS"

Inmediatamente despois da Constitución da Corporación o Secretario dá lectura ao artigo 11.1 dos Estatutos do Consorcio As Mariñas, que establece o procedemento para a elección de Presidente.

En cumprimento da citada normativa toma a palabra o secretario e solicita se hai interesados en presentarse como candidato á Presidencia.

Propoñen a súa intención de presentarse a Presidente: José Antonio Santiso Miramontes e María Barral Varela como vicepresidenta, por unha banda e Ángel García Seoane confirma a súa intención de presentarse á Presidencia.

Xa que logo, habendo dúas candidaturas procedeuse á votación.

A favor de que a presidencia recaese no alcalde de Abegondo e a vicepresidencia na alcaldesa de Betanzos, José Antonio Santiso Miramontes e María Barral Varela, respectivamente, votaron Bergondo, Betanzos, Cambre, Culleredo e o propio Abegondo, que suman un total de 85 participacións. Absténdose Sada.



A favor de que fose o alcalde de Oleiros votaron Carral e o propio Oleiros, absténdose Sada que suman 52 participacións.

Por tanto, cun apoio maioritario dun 62,50%, elixiuse como presidente do Consorcio As Mariñas a José Antonio Santiso Miramontes, alcalde do Concello de Abegondo.

Xa que logo, os candidatos mais votados e aprobados para a súa designación como Presidente e Vicepresidenta son José Antonio Santiso Miramontes e María Barral Varela.

Acto seguido, ponse en coñecemento dos asistentes que, de conformidade co disposto no Artigo 18 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril e artigo 40. 2 do Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das corporacións locais, no momento da toma de posesión e para adquirir a plena condición do cargo, o candidato electo debe xurar ou prometer o cargo con subxección á fórmula establecida no artigo 1 do Real Decreto 707/79 do 5 de abril polo que se formula aos candidatos electos a seguinte pregunta: "*¿Xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigacións do cargo de Presidente e vicepresidenta respectivamente con lealdade ao Rei, gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado?*"

Contestando, sí, prometen.

3º.- DETERMINACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS PLENARIAS

Dáse conta da proposta que indica o seguinte:

"Unha vez constituído o consorcio, procede neste intre fixar a periodicidade das sesións plenarias. Xa que logo, PROPOÑO:

Primeiro:- Establecer que as sesións ordinarias do Pleno da Corporación, terán lugar o terceiro venres de cada mes impar, cada dous meses, ás 13.30 horas, no Salón de Sesións do Consorcio, ou lugar habilitado ao efecto.

Segundo:- Facultar ao señor Presidente para pospor ou avanzar a celebración das sesións ordinarias do Pleno dentro do mesmo mes da súa celebración, cando o día fixado sexa festivo ou se atope incluído nun período vacacional.

Terceiro: Comunicar este acordo a todos os encargados dos diferentes Servizos Municipais, para o seu coñecemento e efectos."

Por parte do pleno apróbase por unanimidade o acordo proposto.

4.- DETERMINACIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS

Dáse conta da proposta que indica o seguinte:

"COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- En virtude das atribucións que me confiren os artigos 20.1 c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 134 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, resulta necesario proceder á creación e determinación da composición das Comisións Informativas de carácter permanente deste Consorcio.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Os artigos 182 e seguintes da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de Xuño, do Réxime Electoral Xeneral.
- O Real Decreto 2568/1986, de 26 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,
- A Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas
- A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA- Resulta necesario proceder á creación e determinación da composición das Comisións Informativas de carácter permanente deste Consorcio, ao obxecto de dotar ao mesmo de órganos complementarios de carácter asesor.

SEGUNDA. De conformidade co disposto pola normativa autonómica, constituída pola Lei 5/97, de 22 de Xullo, de Réxime Local de Galicia, en concordancia cos artigos 134 e seguintes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, correspóndelle ao Pleno de cada Corporación determinar o número e a denominación destas Comisións Informativas de estudo e ditame, tanto cando nacen coa vocación de permanencia por obedecer á estrutura do ámbito competencial do Consorcio, como cando nacen co carácter temporal con obxecto de tratar de temas específicos.

TERCEIRA. De conformidade co precepto citado, estas Comisións estarán integradas polos representantes dos concellos integrados no Consorcio As Mariñas.

Esta Presidencia, de conformidade coa lexislación autonómica antes mencionada, en concordancia cos artigos 123 e seguintes do Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídico das entidades Locais, en todo aquilo que non se opoña, contradiga ou resulte incompatible coas normas anteriores, **propón** ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO:- Crear a **Comisión Informativa “Comisión Especial de Contas”**, de existencia preceptiva con carácter obrigatorio en todas as Corporacións de acordo coa lexislación vixente.

SEGUNDO:- Crear as Comisiones informativas de carácter permanente seguintes:

1.- Comisión Informativa de Facenda.

2.- Comisión Informativa de Medio Ambiente, Servizos Sociais e Asuntos Xerais.

3. Comisión de Persoal e Réxime Interior

A composición de todas as Comisións ofrécese no anexo 1.

TERCEIRO:- Ás funcións destas Comisións Informativas de carácter permanente, serán o estudo e ditame previo dos asuntos que se sometan á decisión do Pleno e da Presidencia, neste último suposto cando este órgano actúe pola delegación daquel, podendo intervir tamén en relación con outros asuntos que non sexan da competencia do Pleno da Corporación, cando o órgano competente solicítelles o seu ditame. A efectos de control e seguimento da xestión dos órganos aos que anteriormente se fixeron referencia, recoñécese o dereito de todos os membros das Comisións Informativas de poder consultar, directa e persoalmente, os libros de resolucións e os libros de actas custodiados na Secretaría Xeral da Corporación.

CUARTO:- Estas Comisións, fóra da Especial de Contas, celebraranse coas particularidades que, en execución das súas previsións, estableza cada unha das Comisións na súa sesión constitutiva, podendo celebrar sesións extraordinarias cando o seu Presidente decídalo, ou cando o solicite a cuarta

parte, como mínimo, do seu número legal de membros. O seu funcionamento axustarase ao previsto polo que prevén os artigos 134 a 138 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo cal se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

ANEXO 1

1.- Comisión Informativa de Facenda		
Presidente:		OLEIROS
		Bergondo
		Culleredo
		Sada
2.- Comisión Informativa de Medio Ambiente, Servizos Sociais e Asuntos Xerais		
Presidente:		CULLEREDO
		Abegondo
		Betanzos
		Carral
3.- Comisión Informativa de Persoal e Réxime Interior		
Presidente:		CAMBRE
		Abegondo
		Bergondo
		Carral
4.- Comisión Especial de Contas		
Presidente:		BETANZOS
		Cambre
		Oleiros
		Sada"

Por parte do pleno apróbase por unanimidade o acordo proposto.

Non habendo máis asuntos que tratar, o presidente da por finalizado o acto ás trece horas e vinte minutos do día de encabezamento, levantándose a presente acta, do que como secretario dou fe.

O presidente

O secretario

José Antonio Santiso Miramontes

Adrián J. Márquez Caramés